



Organismos nocivos para os vexetais

Psila africana dos cítricos

Organismo nocivo: **Psila africana dos cítricos** (*Trioza eritreae*)

Data: 17/11/2020

Hóspede: cítricos

Síntomas: follas deformadas, froitos pouco desenvolvidos e presenza do insecto ou ninfas.

Situación: trátase dunha praga de coretena presente en Galicia. Sigue detectándose a súa presenza en cítricos dentro da zona demarcada (ver páxina web). Nesta zona sigue estando restrinxida o movemento de cítricos, autorizándose só no caso de cumprir as condicións da Resolución do 4 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

No caso de detectar síntomas, débense podar as partes afectadas e tratar o resto da árbore con insecticidas autorizados.

Tamén se notificaron brotes nas comunidades autónomas de Asturias, Cantabria e País Vasco.

Paxina web:

<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/agricultura/sanidad-vegetal/organismos-nocivos-de-cuarentena>

* Nesta páxina da Consellería do Medio Rural pódense consultar outras pragas ou organismos nocivos, de cuarentena ou pragas prioritarias.



Laranxeira afectada por Trioza



Ninfa de Trioza



Adulto de Trioza



Follas afectadas por Trioza



Organismos nocivos para os vexetais

Virus rugoso do tomate

Organismo nocivo: **Virus rugoso do tomate** (*ToBRFV* – Tomato brown rugose fruit virus)

Data: 17/11/2020

Hóspede: tomate, pemento. Algunhas malas herbas, como *Chenopodium murale* e *Solanum nigrum*, poden actuar como reservorios.

Síntomas: as follas presentan clorosis, mosaico e moteado. Nos froitos se observan manchas amarelas ou marróns, deformacións e maduración irregular.

Situación: é un virus con medida de emerxencia. En España notificáronse tres brotes en Almería nos que se decretaron medidas de erradicación para evitar a súa transmisión.

Paxina web:

<https://www.mapa.gob.es/es/agricultura/temas/sanidad-vegetal/organismos-nocivos/virus-rugoso-tomate/default.aspx>



Tomates afectados polo “virus rugoso”



Planta do tomate afectada polo “virus rugoso”



Síntomas de ToBRFV en folla de tomate